

Día Internacional da Poesía
RECITAL-HOMENAXE A RAMIRO FONTE
PRESENTACIÓN DOS CADROS DE POETAS
DE ALFREDO ERÍAS.

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo mércores 25 de marzo de 2009, ás 20.00 h, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” (Pazo de Vila Melania, Vilaboa), e en conmemoración do Día Internacional da Poesía, un RECITAL-HOMENAXE A RAMIRO FONTE e a presentación dos cadros de retratos de poetas de Alfredo Erias, desenvolvéndose a continuación un recital poético a cargo dos poetas retratados.

No transcurso do acto tomarán a palabra:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Elsa Baluja Barreiro, viúva de Ramiro Fonte.
Miguel Anxo Fernán Vello, poeta.
Xulio López Valcárcel, poeta.
Eva Veiga Torre, poeta.
Carlos Pereira Martínez, poeta.
Alfredo Erias Martínez, pintor.

Con este acto iniciamos o programa de actividades da Primavera-2009 da Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” conmemorando o *Día Internacional da Poesía*. E facémolo realizando un Recital-Homenaxe a un dos grandes poetas galegos, Ramiro Fonte, falecido hai uns meses.

Xa lembramos a este escritor na pasada XIVª edición do Seminario de Historia de Culleredo, pero naquel momento non foi posíbel contar coa familia. Nesta ocasión, acompañaranos a súa viúva, Elsa.

Tamén aproveitaremos este acto para facer a presentación pública dos retratos que o artista e historiador brigantino Alfredo Erias, realizou de varios/as poetas, e que doa xenerosamente á Biblioteca da Poesía.

Coidamos que será un fermoso acto no que se mesturarán emotividade, amizade e xenerosidade, e onde convivirán a pintura coa palabra e coa memoria.

Datos biográficos

Ramiro Fonte Crespo naceu en Pontedeume en 1957, e faleceu en Barcelona o 11 de outubro de 2008. Licenciado en Filosofía e Letras e profesor de Lingua e Literatura Galegas, foi poeta, narrador, ensaísta, crítico e estudoso da literatura galega.

Foi un dos fundadores do colectivo poético Cravo Fondo (1977). Como narrador deuse a coñecer en 1986 co relato "O retornado", Premio Pedrón de Ouro. Foi membro correspondente da Real Academia Galega e nos últimos anos da súa vida foi director do

centro do Instituto Cervantes en Lisboa. No 2008 a entidade “Toxos e Froles” de Ferrol outorgoulle o seu premio Porto Magno.

Obtivo o Premio da Crítica de Galicia, Premio “Losada Diéguez” de creación, Premio da Crítica española, Premio “Esquíu” de poesía ou o Premio “Miguel González Garcés” de poesía. A súa obra figura tamén en numerosas antoloxías poéticas e de narrativa.

LIBROS PUBLICADOS

Poesía: *As cidades da nada* (1983), *Designium* (1984), *Pensar na tempestade* (1986), *Pasa un segredo* (1988), *As lúas suburbanas* (1991), *Adeus norte* (1991), *Luz do mediodía* (1995), *Persoas de amor* (1995), *O cazador de libros* (1997), *Mínima moralidade* (1998), *Capitán Inverno* (1999), *A rocha dos proscritos* (2001) e *Reversos* (2008).

Narrativa: *Catro novelas sentimentais* (1988), *As regras do xogo* (1990), *Aves de paso* (1990), *Os leopardos da lúa* (1993), *Soños eternos* (1994), *Os meus ollos* (2003), *Os ollos da ponte* (2004), *A ponte nos ollos* (2007).

Ensaio: *Fermín Bouza-Brey e a súa obra literaria* (1992).

Culleredo, 20 de marzo de 2009.
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez